



Curso Musical Manuel Quiroga

O Curso Musical Manuel Quiroga trátase dunha semana de convivencia musical do luns 8 ao venres 12 de xullo, polas mañás (de 10:00 a 13:30), na que cada un dos participantes terá unha serie de clases adaptadas ao seu nivel musical. A intención do curso é facer que os rapaces vexan a música dende unha perspectiva diferente, que non só a relacionen co conservatorio e que poidan recoller información de forma amena e facer novos compañeiros musicais cos cales poder compartir escenario. Para isto contamos con mestres e mestras con ampla experiencia nos seus respectivos ámbitos musicais. É unha actividade promovida pola Asociación de Musica Viva xunto co Concello de Pontevedra.

O curso levarase a cabo no Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra (Av. Juan Carlos I, 4, 36004 Pontevedra).

Poden participar tódolos instrumentistas a partir dos 8 anos de idade. Formáranse 3 grupos reducidos en base o nivel que presente cada rapaz.

Grupo Básico: O nivel correspondente dos rapaces será aproximado ó nivel de grao elemental.

Grupo Medio: O nivel correspondente dos rapaces será aproximado ó primeiro terzo do conservatorio profesional (1º, 2º e 3º).

Grupo Avanzado: O nivel correspondente dos rapaces será aproximado ó segundo terzo do conservatorio profesional (4º, 5º e 6º).

Grazas á subvención do Concello de Pontevedra, o curso ten un prezo de 20€. Os 20 € a pagar por cada alumno ingresaránse no número de conta indicado na folla de inscrición.

O prazo de inscrición finalizará o 9 de xuño do 2019.

O último día, venres 12, terá lugar, como acto final o concerto dos propios rapaces participantes do curso, no Teatro Principal de Pontevedra ás 20:00. A entrada será de balde.

O curso está composto polas seguintes clases, algunhas delas comúns a tódolos grupos (variando a dificultade) e outras específicas para cada un deles

Comúns para tódolos grupos:

Hábitos de estudo: Nesta clase aprenderán a traballar coas diferentes memorias, a estruturar ben o seu estudo diario e coñecerán novas técnicas de memorización das obras propostas por cada alumno/a. Tamén practicarán diferentes técnicas de relaxación e concentración e coñecerán cal se adapta mellor a cada un deles.

Interpretación emocional: Esta será unha clase onde cada un dos alumnos interpretará a peza a realizar na audición final, para traballala dende una interpretación emocional. Facendo ó alumnado consciente do que quere transmitir en cada intre da súa interpretación.

Domino escénico: Nesta clase os alumnos coñecerán das mans de grandes intérpretes como dominar a situación enriba do escenario. Como controlar as emocións, o tempo, a posta en escena, entre outros.

Clase Grupal: Espazo no que os rapaces tocarán todos xuntos unha obra arranxada para cada un dos grupos, para que así coñezan o que é a música de cámara ou ensemble e como se traballa nestes formatos.

Improvisación: Un espazo onde poderán por a proba a súa creatividade, onde coñecerán como crear frases entre harmonías para aprender a improvisar sobre calquera tipo de música.

Clases para os grupos Medio e Avanzado:

Medo escénico: Coñecerán as causas e os síntomas cognitivos e da conduta da ansiedade escénica para posteriormente traballar na terapia acorde co tipo de intérprete.

Harmonía e intercambio modal: Repasarán as bases da harmonía tonal e introducirase novos conceptos e ideas en torno a ela. Tamén aprenderán os usos dos modos e a súa utilidade na música clásica e na actual.

Afinación: Coñecerán conceptos como temperamentos, diferenciais... traballarase a temática da afinación tanto de forma teórica coma práctica.

Clase para o grupo Medio e Básico:

Teatro: Os rapaces nesta clase crearan un espazo libre de prexuízos onde se poderán coñecer mellor entre eles e así mesmos.

Clases exclusivas do grupo Básico:

Xogo de Historia da Música: Coñecerán as diferentes épocas musicais cos seus autores máis significativos por medio de diversos xogos. Para que non resulte una tarefa tediosa.

Entrenamento auditivo: Traballarán por medio de diferentes actividades conceptos que coñecen de forma teórica, aplicándoos así á realidade sonora, recoñecerán os diferentes tipos de acordes, escalas ou intervalos.